

## **ORDENANZA FISCAL NUMERO T9**

**Taxa pola prestación de servicos especiais motivados pola celebración de espectáculos públicos, grandes transportes, pasos de caravana e calquera outras actividades que esixan tales servicios.**

### ***Artigo 1º.Concepto e fundamento legal.***

De conformidade co previsto no artigo 57, en relación co artigo 20.1.B, ambos dous do Real Decreto Lexislativo 2/2004 que refunde o texto da lei 39/1988, de 28 de Decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola prestación de servicos de competencia local que especialmente sexan motivados pola celebración de espectáculos públicos,grandes transportes, pasos de caravana e calquera outras actividades que esixan a prestación de ditos servicos especiais, que se rexirá pola presente ordenanza.

### ***Artigo 2º.Feito Impoñible.***

Constitúen o feito impoñible desta Taxa a prestación dos servicos de competencia local realizados a solicitude de particulares con ocasión dos eventos referidos no artigo 1º consistentes en calquera das seguintes actividades:

- a) Vixilancia especial de actividades recreativas ás que fai referencia o Real Decreto 2.816/1982, de 27 de Agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Política de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas, e demás normativa reguladora.
- b) Vixilancia especial de espectáculos públicos de fogos artificiais.
- c) Vixilancia especial con ocasión da celebración de espectáculos taurinos.
- d) Ordenación do tráfico e da seguridade vial, do aparcamento ou estacionamento de vehículos e de tránsito peonil con ocasión de actividades recreativas, espectáculos públicos, grandes transportes ou eventos similares.

### ***Artigo 3º. Suxeito pasivo e responsables da taxa.***

1. Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta Ordenanza, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que motiven ou se beneficien da actividade administrativa constituída en feito impoñible desta taxa.
2. Serán responsables da débeda tributaria xunto ós suxeitos pasivos ou debedores principais:

- a) Solidariamente as persoas a que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.
- b) Subsidiariamente as persoas a que se refire o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

***Artigo 4º. Cota tributaria.***

1. A cota tributaria determinarase pola aplicación da seguinte tarifa:
  - a. Por cada Axente da Polícia Local adscrito á prestación do servicio especial: 23,00 euros/hora.
  - b. Por cada vehículo adscrito á prestación do servicio especial: 11,79 euros/hora.
  - c. Pola intervención dos Servicios Técnicos Municipais: 26,00 euros/hora.
  - d. Pola intervención de operarios: 13,50 euros/hora.
2. O elemento persoal e material das anteriores tarifas computará por unidades/hora ou fracción de adscripción á prestación do servicio ou actividade; e o elemento temporal mínimo será dunha hora e irreductible a fracción inferior.
3. Non se concederá exención nin bonificación algúnhia dos importes das cotas tributarias establecidos nesta Ordenanza.

***Artigo 5º. Dereito á percepción da taxa.***

Terase dereito á percepción da taxa e nace a obriga de contribuir no momento no que se inicie a prestación efectiva do servicio.

***Artigo 6º. Normas de xestión.***

A cota tributaria da taxa regulada por esta Ordenanza será obxecto de liquidación polo Concello, debendo proceder o suxeito pasivo ó seu ingreso directo na Tesourería Municipal dentro dos prazos establecidos para este tipo de ingreso no artigo 62 da Lei Xeral Tributaria.

***Artigo 7º. Infracción e defraudacións.***

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto no Título IV da Lei Xeral Tributaria.

**Disposición derradeira. Entrada en vigor e comezo de aplicación da Ordenanza.**

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” e comezará a súa aplicación na mesma data.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 4 por acordo plenario de data 19 de xaneiro de 2009 e publicada no BOP número 29 de 5 de febreiro de 2009

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 4 por acordo plenario de data 9 de novembro de 2011 e publicada no BOP número 299 de 31 de decembro de 2011